

A NOSA TERRA

Idearium da «Irmandade da Fala» na Galiza e nas colonias
d'América e Portugal

ANO MCMXXI



SUMARIO

Cigalladas: os deputados galegos, por Salvador García F. de Bodaño.—*Un artigo importantísimo da «Imprensa de Lisboa».*—*O ruisiñol da saudade*, por Victoriano Taibo.—*A III Asambleia Nacionalista.*—*Vellos poetas galegos.*—*Duas verbas*, por R. Blanco Torres.—*Recordos (versos)* por Ubaldo Landín.—*Contrastes*, por Víctor Casas.—*Xifras doentes (versos)* de Santos Vila.—*Semellantes desatinos....*—*Historia dos movimentos nazionalistas.*—*Follas novas: «Maráños»*, de Teixeira Pascoaes.—*Os caciques de Carballo enemigos da Ius.*—*Peneirando.*—*O idioma galego.*—*¿Dato foi galego?* —*Caricaturade Rodríguez Martínez*, por Cebreiro.—*Os nazionalistas galegos en Madrid*.

PREZOS DE SUSCRIZON: Na Cruña, ó mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 ptas.

América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctmos.—Pagos adiantados

Redaición e Administración: Praza María Pita, 17, baixos, CRUÑA

Lea vostede,

NOS

Boletín mensual da cultura galega. Órgão da sociedade galega de publicacions «Nós»

DIREITOR: Vicente Risco

EDITASE EN OURENSE

Redacción e Administración: Padre Feijóo, 12

Abonamento

Doce números, na Península	6 ptas.
» » Fora	15 »
Número solto	0'60 na Península
	1'50 fora

EFEKTOS NAVALES

— DE —

Ferrer y Compañía-Sucesores

F. BERTRAN E MIRAMBELL

Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Marina Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

Gran H. Universal

Rua da Reina (da Ralía) 21 - LUGO

O mais novo e millor

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa para todos trens.

Gran H. UNIVERSAL merece ser visitado

Leutores:

Quen queira ter un traxe bo, xeitoso e que lle coste pouco diñeiro, que o faga na Xastrería de

Xosé Varela da Costa

Rúa do Circo, 16-VIGO

LA SALUD

CASA DE BAÑOS

A MILLOR DA CRUÑA

Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

FARMACIA EUROPEA

— DE —

Lopez Abente

— REAL, 55 —

A millor surtida da Cruña e un dos establecimentos da sua crase que mais honran a Galicia. Montada con arredo os derradeiros adiços.

Lloyd Real Holandés

ANSTERDAN

KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD

Servicio rápido por vapores correios desd'a
Cruña e Vigo cada tres semanas

Línea de América do Sur

Vapor	correo	rápido	.	.	«LIMBURGIA»
Id.	id.	id.	.	.	«Brabantia»
Id.	id.	id.	.	.	«GELRIA»

Línea de Cuba-Méjico e Nova Orleans

Vapor	correo	rápido	.	.	«HOLLANDIA»
Id.	id.	id.	.	.	«FRISIA»
Id.	id.	id.	.	.	«ZEELANDIA»

Admiten pasaxeiros de Primeira, Segunda, Intermedia e Terceira crase.

As prazas teñen que solicítárense con anticipación.

Informará sobre precio de pasaxe e cabida

D. Raimundo Molina e Couceiro, Consignatario na Cruña e Vigo

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCEÑAL

ANO V — NÚMERO 137 — 31 MARZO 1921.

CIGALLADAS

«Os Deputados galegos»

Sempre me causou moita gracia lér nalgúns xornais as tres verbas que encabezan istas liñas. «Os deputados galegos», din cunha inxenuidade, cun candore que da xenio, cando n-o palramento, hespafiol se balbucea ista ou aquela insinuación relacionada c-o i-trés d-unhos “vivos”, cásque todolos parvos da Nosa Terra.

Mais non pasa de sere todo unha de tantas farsadas qu-andan mundo adiante; porque Galiza, digan o que queiran quenes d-un xeito ou d-outro áchanse identificados coa ruín política d-os tiráns, non ten outros representantes que os das oligarquías que desgraciadamente linda padecen nosos povos.

Pra sere galego non abonda habererido berce na Galiza, hai outra cousa que pra “nos” e sino irre-cusabre de nazionalidade: leval-as arelas d-unha Galiza libre drento d-o corazon. As fervenzas, as outas fervenzas d-o “arredismo” son pra “nos” o millor certificado de nacemento e de persoalidade. Quen n-o “noso” SANTORAL teña en branco iste oco, non é “noso”, e quen non sexa “noso” non é galego; porque en Galiza galego non hai mais que “nós”. ¿Onde están ises deputados galegos? ¿Quenes son ises deputados galegos? Quen fixo ises deputados galegos? ¿Galiza? Non. Galiza somos “nós” e “nós” non temos deputados ningún. Por iso ó falar d-os deputados galegos trastrócase o verdadeiro senso d-as cousas: fálase d-unhos siñores qu-ocupan un posto “usurpando” unha representación, e que n-as poucas veces que s-erguen a semellal-a defensa de Galiza non-o fan en nome d-os nosos intereses, si non n-o nome d-as tiranías que reforzan. Nosoutros non temos, pois, representantes: i-ô decir “galegos”, refirente os que tal din, à Galiza non galega, à Galiza d-as oligarquías. Nosoutros non temos “deputados galegos”, pro, ateigados d-espranza, agardamos ardendo n-unha labarada de ledicia i-entusiasmo, días mellores.

Non hemos de lle pedire ós gobernos d-a meseta representantes que seipan afrontaren con proveito a complexidade d-os nosos prohremas nazonaes. Galegos somentes nados en Galiza, espurios, non queremos que nos representen ben ou mal, queremos qu-los nos representen; queremos que se marchen “escuetamente” queremos que se marchen, si non pretenden morrer aburados n-a subme fogeira qu-a indinación nobre e santa d-os povos n-a nosa terra vai acendendo en todolos corazóns “bos e xenerosos”, conscientes d-a sua punibre indefensión da sua parva homildade. Os nosos representantes, ademais de sere nosos, e precisamente por sere nosos, han falare n-a nosa lingua, única proba irrecusabre de que aman a Terra e fan honore á xenuina expresión d-a alma d-a nosa raza, que sintan a Galiza por riba de todolos amores. Porque, ¿cómo han sere “nosos”, quenes escomenzan por falar n-a lingua allea en que falan as kábilas d-o centralismo? Come han sgre intérpretes d-a nosa rebeldía—parte integrante de “nós”—

quenes non son capaces de sacudil o xugo imposto polos aldraxantes imperialismo d-unha mentida civilización castelanista?

A lingua d-un povo é como vaso en que se emborca toda i-alma d-unha raza. Ningún por moi entendido que sexa en linguas estranxeiras ou erasica, sabe pensar máis que n-a sua lingua propia, di Castelar. I-o costume obríganos a que amoldemos os pensamentos mais enrevesados, as cencias mais novas, as series d-ideias mais orixinaes ó xenio d-a nosa lingua; proba palmaria de que a Pátreia chega c-o seu sere até o mais fondo d-o noso sere, coa sua alma até o mais íntimo d-a nosa i-alma. Eisi todolos povos adórano sempre o mesmo que os seus poetas, os seus ouradores, os seus esquirtores de xenio, porque n-as suas obras traen conservan algo más qu-a sua cencia i-a su e, traen e conservan o xenio nazonal. Ainda que non tivéramos, pois, outra razón pra crer n-o espirito nazonal d-a Galiza, teríamol-a razón d-o lenguaxe. Por iso loitamos “nós” creando núcleos de resistencia, orgaos d-homes libres que openear con ventaxa os que servindose como de tapadeira d-a integridade d-unha pátreia que non eisiste máis que entras néboas d-a ignoranza d-uns e da maldicia d-outros, sajen decote ó noso paso. Soio eisi trunfaremos...

Non sei quen dixo qu-as forzas cando s-axuntan aumentan non por vía de adición sinón por vía de multiplicación.

Unha debilidade d-un sumada con outra debilidade d-outro, da por resultado unha forteza indestrutible. E nos Proverbios lêse: un irmán axudado por outro irmán e como unha cibdade forte... Cibdade forte!... Forteza de cibdadanza e a que erguemos “nós”, os nazionalistas, os únicos galegos d-a Galiza que siente, d-a Galiza que pensa, d-a Galiza que quer... Porque drento d-o noso cerebro buliga o ideal: volvoretística de lus cu-blumeas á escrava, á cincuenta, a Galiza, o macio camiño que leva ó santo mosteiro d-as Liberdades, onde se acham entrecidos coa derradeira crux d-o noso Salvadio os loureiros da verdadeira gloria... Destonces poderá falarse d-os “deputados galegos”, pensando que serán os úneos representantes d-o úneco que en Galiza é “galego”.

S. GARCIA-FERNANDEZ DE RODAÑO.

UM VELHO SONHO

¿A independencia da Galiza?

A ação dos galegos en Portugal

Porque não são conhecidos dos portugueses as suas aspirações e os seus desejos de liberdade?

À Galiza, que os portugueses não conhecem, que não visitam e cuja Arte e Literatura nos são quasi inteiramente desconhecidas, apesar de no seio do nosso paiz viver uma colonia enorme de seus natu-

raes, palpita e vibra intensamente, trabalhando com maior dos afincos para a conquista da sua liberdade e da sua independencia. Os acontecimentos das demais províncias de Hespanha são-nos relatados, quer pelos correspondentes madrilenos, quer pelas agencias telefónicas, com as maiores minúcias, sabendo-se em Portugal da sua vida social, das suas convulsões e dos seus factos, mais notaveis. A Galiza, que é um dos mais belos rincões de toda a Hespanha, que aciona vibrantemente em prol do mais puro nacionalismo, é-nos quasi' indiferente. Contudo para Além-Minho a nossa terra é querida e adorada pelos galegos. Os seus poetas cantam os nossos e as belezas d'este solo irmão do d'eles. A sua língua é compreendida por nós como nós comprehendemos a sua. Altas capacidades, homens ilustres escritores notaveis, artistas reputadíssimos,obreiros humildes todas as camadas sociaes, emísm, n'uma conjuccão do espírito que vale como que uma epopeia, teem nos últimos anos realizado nas cidades, nas vilas, nas aldeias e nos campos o mais formidavel trabalho de ligacão, feito em volta do mesmo grito: "Pela Galiza!".

E a Galiza, até ha pouco escarnecidha por Castela, olhava indiferentemente pelos politicos de Madrid, espesinhada pelo "cacique" que nela vivia ainda como senhora feudal, vae lentamente, mas de forma segura e precisa, quebrando as algemas, conquistando dia a dia os direitos e a justiça devidos a todos os povos livres. No coração de todos os galegos, especialmente daqueles que regam o solo da sua terra com o suor do seu rosto, ha um altar erguido a patria dos seus maiores, um anejo enor pela redención da sua bandeira, ilustre entre as mais ilustres.

A União da Galiza é hoje qualquer coisa que assusta e apavora os homens que supuzeram aquela província eternamente escrava dos castelhanos. As mesmas aspirações que levan a Catalunha a convulsionar-se por vezes, são as que arrastaram a Galiza a pensar a serio no dia de amanhã. E esse dia sentem-no todos os galegos, quer vivam na Galiza, quer em Portugal ou nas Américas—ha de chegar radiante de felicidade, dando á sua Patria o verdadeiro nome de patria, acreditada—porque não?—no conceito de todas as nações.

Em Portugal, todos os galegos que aqui vivem, trabalham isoladamente n'essa grande obra de redención. A camada nova, especialmente, constituída por uma mocidade exuberante de seiva, cheia de vida, anciosa de grandes reivindicações, ama e quer a Galiza com extremos de loucura. A sua vida, a sua revolta latente contra o "cacique" apaixona esse grupo de rapazes, levando-os a pregar entre os mais desculpidados a palavra santa da independencia e da liberdade. O padre perde, na aldeia, dia a dia, cada vez mais, o seu prestigio e a sua autoridade enfeudada ao "mandão", facionado e manobrando ás ordens do poder central. E é tal o desejo d'esse grupo em tornar, entre nós, mais arreigado, o nome da Galiza, de forma a suar aos nossos ouvidos com mais aavidade e maior melodia, que os seus componentes pensam em dar grande publicidade aos assuntos de sua terra, divulgalos, historiar, dia a dia, a ação dos "unionistas" e dos "agrarios" e crearse tanto lhes fôr possível, núcleos de propaganda e, porventura, a "Casa de Galiza", centro de reunião de todos os galegos, onde seja possível aos 30.000 residentes em Lisboa, encontrarem o conforto, a solidariedade e o carinho que merecem.

(Do jornal "A Imprensa de Lisboa" o mais popular da capital da República portuguesa, órgão dos traballadores de jornais).

O rousinol da saudade

Unha mañá da tépida primaveira o meu corazón dolente e solitario sulagou-se na meiguice da campa a soñar nos encajes velaños e misteriosos da felicidá.

Todal-as roseiras eran en flor, e o mare, a beijos, na ribeira verdecente, cantaba sonoro a estrofa nupcial dos seus amores co a terra, tremecente de cores baixo os aloumiños d'ouro do pai da fecundidá.

Mil arrecendos diversos tecían un só arrecendo, e todol-os sons eran un son accordado no claror do azul.

Alborada, albiña e subtil, flácida o seu derradeiro espreguizo e fundiase na luz z na flor, no ar e nas augas crechas e cantareiras, a rir e a florir.

De socato o trinar garuleiro d'un rousinol misterioso cautivo na miña alma dolente e solitaria, n'unha armonía nunca ouvida.

Fiquei en éxtasi, como fora do rolar angustioso do tempo. Non sei cantos séculos vivín n'aquel arroubo, sobrenaturalizado.

Cando o rousinol calou e eu tornei a mí... .

As roseiras amostráronme la tristeza das suas espiñas e as petelas eran pô, a mourenza do ceo atafegaba o meu espírito acorado, e o mare erguía as suas olas bruantes contra de mí...

E todos me viro cal me viran facía poucas horas, dolente e solitario, de cote a cantare e a soñare.

Sempre agardando ao rousinol do misterio que fala do ben que s'avala nas poulas de milagre da arvore da Saudade.

Victoriano TAIBO.

A III Asambleia Nazionalista

A todol-os irmáns da nosa terra

N'este mes faceráse en Vigo a II Asambleia Nazionalista Galega, cujos temas más esenciaes xa temos publicado. Prégaselles a todol-os irmáns na causa que axuden, enviando as suas adesións e as suas ideias de non poderen concurrir a acto tan importante persoalmente, ao Direitorio do Partido (Praza de María Pita, 17, baixo, Crux), ou ao Consello da Mocedade Nazionalista d'Ourense, o mais axiña posibel.

DUAS VERBAS

¡QUÉ TRISTURA!....

Euxenio Noel foi a Cuba. Non foi alá en xeito d'emigrante, a facer cartos, de calquera maneira, sexa como sexa. Foi — ¡malpocado! — en xeito de adoutrinante, a espallar unhas cantas ideas, a decir a súa verdade, a d-él, a cantos quixeron ouvilo.

Parez que o que dixo non foi do agrado de moitos compatriotas. ¡Qué iba a sere! Noel é un home culto e ten pasión por un ideal, ten pasión pol-a verdade, inda que a veces pareza estrafalarío. N-Habana fixo a pintura realista da Hespanha, a descripción do pobo hespæñol d-hoxe; falou da súa política noxente, dos seus homes, intelixentes mediátizas

dos nas recuas políticas, arrimados a un xefe paixudo pro influente; falou dos falsos valores intelectuaes que s-encumaron na vida do país gracias ó xeneral analfabetismo dos cibdadáns.

¿E qué pasou?... Gabara él a algúun "connotodo" agasallara con verbas hipócritas a algúun comerciante rico, ceibara unhas cantas necedades líricas n'un "ritornello" á Hespaña grande ou n'unha loubanza ós emigrados, e sería Noel o home do dia, o xenio, o apóstol. Encheríánlle a andorga de "frijoles" e darianlle, ademais, unhas cantas cadelas. Mais dixo unhas verbas xustas, como home que siente as súas responsabilidades diante da verdade, e por pouco éibano. Se non fora un pouco desproporcionado o simil diríamnos que alá, na Xudea, anha vez...

Mais o que coroa aquela xesta filisteia de que foi Noel espeutador, é os comentarios que fan do caso algúuns xornaes de por acá, desenterrando conceitos xa bastante podres e ceibando frases feitas d'aquelas que sonroxarián a calquera bachiller inxenuo. ¡Mal 'patriota! ¡Mal hijo! ¡Infame!... ¡Malpocados!...

Roberto BLANCO TORRES.

Vellos poetas gallegos

Século XIII

As frores do meu amigo
briosa van no navyo;
e van-ss'as frores
d'aquí bem com meus amores!

As frores do meu amado
briosa van no barco:
e van-ss'as frores
d'aquí bem com meus amores!

Briosa van e o navío
pera chegar ao ferido;
e van-ss'as frores
d'aquí bem com meus amores!

Briosa van en o barco
pera chegar ao fosado
e van-ss'as frores
d'aquí bem com meus amores!

Para chegar ao ferido
e servir-mi corpo velido;
e van-se as frores
d'aquí vem com meus amores!

pera chegar ao fossado;
e servir-mi corpo loado;
e van-se as frores
d'aquí bem com meus amores!

PAYO GÓMEZ CHARINO

Ano 1252-1254-CANTIGA

«Rosa das rosas et Fror das frores,
Dona das donas, Sennor das sennores,
Esta Donna que tenno por Sennor
Et de que quero seer trovador,
Se eu per ren poss'auer seu amor,
Dou ao demo os outros amores.»

ALFONSO O SÁBIO.

Suscríbese vostede

A NOSA TERRA

RECORDOS

Oxe que vai quedando esmorecida
Nas néboas do pasado a tua imaxe,
Van a ela os recordos en romaxe
Y-érguente da cova atercida.

En vano loita por voltarte á cova
Iracunda e cruel a descarnada
Resoa a tua vos, brila a mirada....
Vives en min unha existenza nova.

Cando en amargas horas d'ansiedade
Aguniaba a miña vontade
N'unha renunciación triste e suicida.

Fixéchesme vivir, díchesme alento,
Y oxe, ao vencer por tí o esquecemento,
A deuda pago porque douche vida.

UBALDO LANDÍN.

CONTRASTES

Cando aquel célebre touro ¡asesino! matou ao Rey da Torería hespaela, o gran Joselito, toda Hespaña conmovéuse profundamente. No mais cativo corruncho da gloriosa patria hespaela chorouse a sua prematura e alevosa morte. O chán hespael foi regado coas bágoas dos patriotas que veían desaparecer a mais outa representación da raza. Poucos, moi poucos, foron os hespaelos que non choraron a sua morte. Sevilla, o seu pobo natal, rendíulle o meirande homenaxe que se recorda. Todolos sevillanos andiveron de loijo varios días. No seu entierro oubíanse a feixes as ¡Viva Joselito!. Houbo patriota que chegou a ofrecer non sei cantos miles de pesetas pol-a cabeza do touro que o matou pra gardal-a como recordo. Foi toda Hespaña a chorar a sua morte. Durante moito tempo non se falou d'outra cousa.

Agora morreu Dato.

En toda Hespaña falouse da sua morte.

Houbo moitas protestas. Mais, o pobo hespael, este admirabel e delicioso pobo hespael non se conmoveu tanto por esta morte como coa outra. Non se manifestou tan affixido como da outra vez. Pódese decir que somentes o organismo oficial foi o que sentiu a sua morte. Dato era "hijo preclaro de la Coruña" ¿Qué fixo a Cruña pra manifestar o seu sentimento? Enviar a Madri unhos cantos, telegramas, duas verbas nos xornaes e... nada mais.

No seu entierro, en troques das vivas a Dato, oubíanse outros berros ¡Viva el Rey valiente! ¡Mueran los cobardes! A min esto lembroume aquel conto das catro temporas. Eu non sei ainda de ningún patriota que ofrecera unha cedula pol-a pistola que o matou..

O pobo hespael mostrouse moi indiferente ante esta morte. Si non fora pol-o que da a falar a captura dos que o mataron, a estas horas xa ningún se lembra que Dato existira. En fin, que a morte de Dato non lles chegou ao corazón aos hespaelos tanto como a de Joselito.

E isto non está ben. Non atopo razón que o xustifique. Si Joselito representaba a Hespaña salvaxe e analfabeto tamén Dato era a representación da Hespaña oficial, caciquil e burguesa e todos sabemos que a unha sin a outra non se comprenden.

Víctor CASAS.

XIFRAS DOENTES

Por baixo d'a ramaxen
de amigos castiñeiro iste serán pasei.
Como antano a súa soma
era veludo mole
pr'o meu magoado espirito.

Fitando para enriba,
por entre d'a follaxen víase un véo azur
pra onde se escapaban,
do meu peito, salaios que foron ilusións.

O toro d'un castiro
amostraba unhas letras de nome de muller,
nome doce, de seda, de música e de mel.
A miña mau outrano
foino garbando a modo,
foino garbando fondo,
foino garbando craro pra que durase ben.

Cánta emoción eu tiven
cando, tremante o pulso,
o poñer o letreiro d'a muller de min lonxe
maxinaba que ela
tiña, chegado o tempo, de lel-o como en hoxe!
Mais todo se perdeu. Ela finouse
por supor un olvido
en quien decote n-o pensamento a tiña.

Agora as letras fican saudosas n-o castiro,
escachadas e mudas,
friás e sin sentido pr'os que reparen n-elas..
Son unha cousa morta donde latexa vida,
son un velo poema que non puído findarse,
son salaios non ceibos
e pensamentos de ouro qu'os beizos non chegaron.

Xifras d'un nome de muller ben querida,
sodes segredos como dór calado
e nada sodes xal
Puideste valer moito si ela os lera;
hoxe.... ¡saloucos nada mais!

A. SANTOS VILA.

Semellantes desatinos, que non sexan de galegos cal dos chinos

Un feixe de galegos de Bos Aires, moi cheios de nome vontade sen dúbida, veñen dende fai algun tempo facendo xantares seique mensuaes coma agasallo e vivos e mortos ilustres da Nosa Terra.

Y-os xantares de lembranza dos vivos resultan ridílicos, mas o adicados ós mortos xa pasan de macabros, abofé, para seren cómicos d'abondo.

Iso de lle cablegrafiare a un señor ou dona—como fixeron a Cabanillas, Pardo Bazán, etc.—dicindolle: “Despois de xantare ben i-enchel-a andorga á sua saude lembrámolo moito i-até puxemos encol da táboa un coberto para vostede”, merez ista resposta do agasallado: ¡que lles aproveite e que se non indixesten por mor de mí!”

Pois ¡o de xantar en lembranza d'un morto! Isto xaten algo do xeito do Tenorio c'o Comendadore. Así adoitan faceren os chinos cando se lles fina algun serre querido.

Un dia xantaron en homenaxe a Concepción Areval, outro dia en homenaxe a Curros, e derradeiramente en lembranza do P. Feixóo.

Inda que dín ali que os duelos con pan son menos «i-o practicismo americano leva a moitos esceses—non hai direito a agasallos tan “sustanciosos”.

Parecenos a tíos...

História dos movementos nacionais

Irlanda

VIII

A renacionalización da lingua—A Liga Gaélica

A lingua gaélica da Irlanda, o antiguisimo «Erse», ía camiño do acabamento e estaba ja n-unha etapa moi avanzada. No último tercio do século pasado parecía moi perto a abolición total. D'os catro millóns e medio de irlandeses, só pouco mais do medio millón seguía falando a lingua irlandesa, convertida n'un «pato» sin valor algun literario; os que a falaban eran os habitantes d'algunhas lonxanas comarcas rurais e os pescadores d'unha parte da costa oeste; os demais irlandeses falaban o inglés.

Dende o leste, onde son numerosos os ingleses e os escoceses, a lingua inglesa tiña ido conquerindo as terras da Irlanda, facendo recuar progresivamente a lingua nazonal.

No ensíño, na vida oficial, nos xornaes, na literatura, na relixión, o idioma inglés tiña triunfado e era o único que usában. A cuestión da lingua, ainda desde o punto de vista nazonalista, tiña chegado a non ter mais que unha importancia secundaria. N'este aspecto, a desnacionalización do pobo irlandés era completa. Na Irlanda ofrecía o aspecto d'agonía, do remate d'un vello lenguaje.

O movemento nazonal irlandés do século pasado tivo unha gravíssima lacra, e o terse preocupado quasi exclusivamente o aspecto político do problema. Os valores espirituais da nazonalidade foron lamentablemente postergados. E así vemos que e no século XIX, no medio das grandes agitacións políticas cando a lingua gaélica ía desaparecendo. O mesmo O'CONNELL coidaba que era preciso que os irlandeses adoptaran e puxeran no uso o idioma inglés, pois opinaba era unha grande arma para a loita política. Como escribe YANU-MOVRAN GOBLETT, “O'CONNELL (e durante un século os políticos continuarán o seu exemplo) aconsella o uso do inglés, que permite discutir en Westminster e emigrar aos Estados Unidos”.

N'este período, alguns patriotas, entre eles o bispo MAC HALE, deronse conta dos funestos efectos da desnacionalización lingüística. A nova Irlanda comprendeu a necesidade d'un traballo de receltización, mas non chegou a facel-o. Os espíritus más craros do nazonalismo remataron pr comprender que tiñan seguido un camiño de perigo e morte ao abandoar a lingua propia, e que o «Home Rule» político nada valía sin o «Home Rule» espiritual.

Precisamente cando mermaba o movemento nazonalista organizado por PARNELL, comenzou unha forte reacción contra a desnacionalización do idioma. No 1893 fundouse a CONNRADHNA GAEDHILGE (Liga Gaélica) c'o fin de reavivar a lingua nazonal e restaurar o carácter propio da Irlanda. Ingente do grao último do recuar a que tiña cregado o «erse», a obra d'esta liga foi fecunda e salvadora. Filla da mocedade irlandesa, formada por milles de asociados, entre os cales hai católicos e protestantes, a LIGA GAELICA ten dado froitos espréndidos.

Por virtude da sua acción, desenterraron os tesoros centenarios da antiga literatura irlandesa, e floreceu unha literatura nova.

O idioma nazonal entrou no ensíño. Nas Universidades fixérонse cursos de «erse». Nas escolas públicas e privadas eran ensinados no idioma patrio, antes da guerra, máis de 200.000 nenos. No comercio, na banca, nos servicos públicos, fixose preciso aos empregados o coñecimento do idioma irlandés. Apareceron xornaes en lingua irlandesa, nos que publican seccións aqueles outros que ainda estaban escritos en inglés. No culto católico foi admitido do mesmo xeito o idioma irlandés. Os cregios favorecen o movemento gaélico. Até publican-se «pastorais en erse». O seminario de MAYNOOTH, el MAYNOOTH COLLEGE, e hoje, despois de Dublín, o principal centro do gaélico.

Todolos anos celebrase en Dublin unha gran festa patriótica que dura varios días; toman parte nela os oradores, os poetas, os dramaturgos, os novelistas e os estudantes da lingua gaélica, aos que adjudican premios de valer. Festas somellantes fanse en outras poboacións da illa. Pero a tal punto tifia chegado o esquecemento do idioma nazonal por parte dos irlandeses, que estes teñen hoje que adeprendelo como si adeprendesen un idioma alleo o como si estudases unha lingua de sabios. En ocasión da visita do "Eighty Club" a Irlanda (1912), o correspondente do "Daily News" decía que en Dublin non había mais de un milleiro de persoas que soupesen o «verse».

O renacemento non quedou limitado ao idioma. Renasceron as artes e resnace a espiritoalidade d'aquel pobo. E' todo un movemento de recelitación. Despertase a alma céltica dos irlandeses.

A música, as danzas e os cantos nazonais extenderon-se novamente e popularizaron-se.

Nas derradeiras décadas creou-se un teatro nazonal irlandés, que é unha das manifestacions más originais e más vigorosas da literatura dramática dos nosos días. Seu fundador e un dramaturgo de grande mérito, YEATS, que estableceu na Irlanda o ABBEY THEATRE e doulle un carácter eminentemente patriótico.

O espírito nazonal inflama do mesmo geito as obras de SINGE e de LADY GREGORY. «No fondo do meu corazón—escribiu YEATS—tiven sempre o convencimento de que hai que ser algo mais que artista, e que na alma d'este o patriotismo ten de ser un sentimento completamente pu-

ro. No 1911, unha compañía irlandesa dou a coñecer ao público de Londres as mellores producções do teatro irlandés. Alcanzou un grande éxito.

Outro dos traballos de «Liga Gaélica» ten sido a nazionalización económica da Irlanda. A industria irlandesa tiña unha vida mezquiña, e a agricultura, a primeira riqueza natural do país estaba arruinada. Irlanda era económica mente, feudataria da Inglaterra. Gracias á propaganda da Liga, os irlandeses sentiron vergoña da sua situación e, realizando un patriótico esforzo, teñen feita nos últimos vinte anos unha importante industria. Hoja as fábricas son muitísimas e decotio abrense outras novas. Belfast, Dublin e Cork, atópanse convertidos en grandes centros fabriles. Debido sobretodo, ás novas leis agrarias, aquela miserable e rutinaria agricultura irlandesa está trocándose; utilizan a moderna maquinaria agrícola e teñen organizadas importantes explotacions.

Esto mellorou grandemente a situación dos pequenos propietarios rurales e dos traballadores do agro. Entre os agricultores tomaron grande incremento as industrias caseiras, principalmente a de fiado da lá.

E'pois, general a mellora das condicions da vida na Irlanda. Aquel pobo atrasado, paupérímo, oprimido, que tifia perdido o seu propio idioma e que pola emigración á América perdía a cada instante aos seu fillos, aquél pobo sin cultura, sin aima, sin vigor, sin esperanza, que ja estaba na agonía, revive. En todalas manifestacions da sua vida notan-se señales venturoses do seu rexurdimento.

FOLLAS NOVAS

Libros e Revistas

"Maráños" poema en dezaoito cantos, de Teixeira Pascoaes (2.ª edición).

O ilustre poeta e pensador portugués, noso distinto amigo, acaba de nos agasallare c'un exemplar da segunda edición do seu poema d'aquela nome, imprentado no Porto elegantemente e que fai un volume de duas centas once páxinas.

Isa segunda edición do novo libro do grande i-esquisito Teixeira que conta c'o agarimo admirativo de todolos intelectuaes da nosa Terra, leva unha dedicatoria formosísima que nos enche d'orgullo, e que desexamos coñezan os leitores. Di así:

Galiza, terra irmá de Portugal
Que o mesmo Oceano abraça longamente;
Berce de brancas névoas refulgindo
O espírito do sol amanhecente;
Altar de Rosalia e de Pondal
Iluminado a lágrimas acézas,
Entre pinhaes, aos céfiros, carpindo
Maguas da terra e místicas tristezas;
A tí dedico o livro que uma vez,
Embriagado de sombra e solidão,
Compuz sobre os fraguedos do Marão:
Este libro saudoso e montanez.

"Maráños" é un poema no que se deifica a Saudade; o poema da Saudade, poema que portugueses e galegos temos que ler con moito amore.

Trátase endeben d'un libro formoso e xenial, dedicado alantemente á Galiza.

Cando Castela i-os castelans andan, agora como sempre, a nos aldraxar i-a nos abajar—lembrairos do artigo de Ortega Gasset sobre a probeza galega e

dous xuicios estúpidos de Izquierdo e Croselles n'uma obra que quer ser científica—Portugal aloumiña, con afecto d'irmao, a espiritualidade da nosa Terra. I-un principe da sua poesía, o admirabel Teixeira, cuia sona é xa universale, fainos o inequesciente favore de nos dedicar "Maráños", un pensador d'altura como Leonardo de Coimbra lembranos en belas prosas suas, e o esquisito Lopes Vieira ofrécenos un saudo lírico en versos ispirados que se axeitan na forma aos dos nosos vellos e groriosos cancioneros, mentres os primeiros xornaes do Porto e Lisboa erguen ante os ollos dos seus leitores para que coneuira devotos, a causa santa do nacionalismo galego. dal-as vñdratzas das librerías galegas, porque non

"Maráños", por iso, ten que se mostrare en todo debe ficar ningún galego culto sen o lére.

Oxe non imos facer un xuizo crítico do novo volume do ilustre autor da "Arte de ser portugués". Oxe desexamos, somentes, camal-a atención e tentar a curiosidade dos nosos amigos e irmas grande poema teixeriano. A nosa mocedad da ten que coñecer ese libro que tanto fai sentir. E sua obriga.

Porque a Saudade moiito nos interesa, xa que como dí o autor de "Maráños"

Vivía, e vive, e sempre vivirá!
Pois tudo, tudo, ha de passar, emfin!
O Homem, a propria Terra pasará!
Ha de pasar a noite, a luz do Sol!
E tudo passará... Mas a Saudade
Não passará, jamais! Ha de ficar,
Porque ela é o infinito e a Eternidade,
Sobrevivente aos mundos e ás estrelas.

Asin remata o belo e grandioso poema de Teixeira Pascoaes dedicado á Galiza, cuios cantos levan estes nomes: Maráños e Eleonor; Maráños e a Pastora; Maráños, Eleonor e a Pastora; Maráños e a Paisagem; Chegada de Maráños á Montanha; Maráños e a Sombra do Marão; Maráños e a Saudade; Maráños e o Outono; Maráños e os Deuses; Maráños, Eleonor e a Saudade; Maráños, a Saudade e Don Quixote; Anunciación; Os Pastores; A Boa Nova; Maráños e a Primavera; O Nascimento; Revelación final; A Saudade e a Sombra de Maráños.

A nosa Pátria está d'embora. Anda a chegar a sua Pascua de Resurrección. No altar de Rosalia e Pondal, baixo a bóbeda dos piñaes, oficia o grande sacerdote da Saudade. Tanguen os sinos espallando pol-ó ár azul da Nosa Terra en primaveira, os sons cristaiños e buligantes, anunciantes do "aleluya", as névoas do Miño, como veos nupeiaes, esvaen as fronteiras que Castela ergueu para que os ollos de Galiza non viran a Verdade. Y a Saudade eterna, alma de duas almas xemeas, comenza a pôr n'un ritmo igoal corazóns de douis povos que a Natureza, obra de Deus, tiña unificado, i-a Historia, obra dos homes, quixo reitificar absurdamente... ¡Deprendanmos na "Arte de ser portugués" a arte de sermos gallegos!

A. VILLAR PONTE.

Interesante pr'os suscritores:

Os que dend'esta data no adiante xiren o importe d'un semestre de suscripción (tres pesetas) á revista, se lles remitirá gratuitamente a volta de correio, un exemplar da fermosa novela de López Abente, cunha portada de Castelao, «O Diputado por Veiramar», e outro do «Compendio de Gramática Gallega», editados pol-a «Irmandade da Fala» da Cruña.

Os caciques de Carballo enemigos da luz

O notabre coadro de declamación da "Irmandade da Fala da Cruña" foi a Carballo pra estrenar alí o drama "O Fidalgo" de Xesús San Lois Romero, fillo d'aquela fermosa vila bergantiñan.

"O Fidalgo" representouse con grande éxito. Ao remate de todolos actos da obra o autor tivo que sair a escena chamado polos aprausos da numerosa concurrencia. Conquiriu na sua vila nativa un trunfo xusto, sendo ouxeto de verdadeiras provas d'agarismo.

Mais como o famado drama de San Lois val por cen mitis anticaciquis, aos caciques carballeses lles non sentou ben.

O conto é que o mesmo coadro de Declamación tiña anunciado unha segunda función para o día seguinte do estreno de "O Fidalgo". A concurrencia

iba ser grande. Moitas localidades achábanse vendidas. E á mesma hora de se comenzare a velada, cunha noite serena, primaveral, cando non s'avala ba a folla d'unha árbore, a lus eléctrica sofreu un apagón que durou hasta mais da metá da noite, cosa non adoitada.

Y-o púbrico, que agardaba a representación, indignado, puxo a boca nos caciques. Falouse de xuntanzas misteriosas habidas...

Nós sospeitamos que o púbrico tiña razón. Porque o caciquismo cobarde, das pequenas vilas, adoita apelear a istas i-outras falcatruadas somellantes. Y-o caciquismo de Carballo que conta no seu haber a bárbara tragedia de Sofán ¿qué non será capaz de facer?

A lus moléstalles a eses mouchos asoballadores de vontade populare. ¡Decatádevos do inri que significa para a Cruña ter que contar con Carballo e Santa Comba, para as elecções de deputados!

Pois os nazionalistas galegos áchanse dispostos a iren a Carballo a loitar rexamente contr'os caciques amigos das febras.

PENEIRANDO

Vede o abade de Sorribas...

E un crego, coma tiñan de sere todolos cregos das nosas aldeias.

Un crego cristiano i-amigo da xusticia.

Un crego que da a Deus o que é de Deus i-o César o que é do Césáar. (Entendendo que o de Deus é o agrarismo i-o de César, o gassetismo, que anda pindindo un Bruto para aloumiñalo).

Pois o abade de Sorribas logo que as sociedades agrarias de Padrón pórón unha coroa de froles naturaes encol da tumba do infeliz i-exemplar agrario Andrés García Souto, morto criminalmente por un segredario de Xuzgado fillo d'un segredario d'Auntamento—como engadellan a mea os caciques—chamado Canabal, o abade de Sorribas, dicimos, falou unhas verbas moi axeitadiñas. Berrou que "n'aquelas froles entretecidias na coroa oferenda dos agrarios ó seu compañoiro, achábase representado o pauto de xuntanza dos honrados e traballadores campesiños, contra do miserábel caciquismo."

¡E Gasset, o analfabeto e desventurado Gasset, inda terá o cinismo de lle seguir chamando agrario ó seu partido? E Mella, o cristiano Mella, terá cara para voltar a servirlle de candidato ó gassetismo?

Qué cobardes son os agrarios galegos ¿n'é certo, Sr. Viturro? Nebra e Rois, que inda berran por xusticia, próbanno craramentes.

¡E pensar que os mozos das nosas aldeias pelexan por custiós de localismo e hastra se matan, se cadra, ante eles, por mor d'unha cunca de viño, mentres para cousas de xusticia e d'inxusticia teñen xeito de ovellas!

Espada é galego.

Espada, foi o primeiro político galego que se estreou a dal-a cara no Parlamento contr'os acaparadores i-os arancelistas que asoballan a toda España fro mais à Galiza.

Cáseque todolos xornaes de Madrid—"El Sol" intruso—cismaron e alegareiraron para derrubalo do ministerio de Fomento.

E veu a crisis. A plutocracia de frabicantes, trigueiros e remolacheiros, deixouno sin posto no novo Goberno. Cando o único digno do outro Goberno fóra a sua actitude cívica. El termaba do abaratamento da vida.

Mas vel-ahí tedes. Sacrificáronno os noxentos "intereses creados". E xefe do novo Gabinete o representante maior dun monopolio—o do tabaco—; é presidente do Senado o representante d'outro monopolio—o do zucre. E ministro da Gobernación o cacique da Galiza.

Espada, por non tere vaina, ficou isrido e sin carteira.

I-a ningúen na Nosa Terra se ll'ocurre orgaizar un homenaxe para ele.

Cecais porque a talla d'Espada non é das que ofrecen sombra d'abondo para agarimare ós cubizosos de destiñios e infriencias.

Probe D. Lois, com'o Megía de Zorrilla, vitima de Lon Xoan... alpargateiro!

Probe Don Lois que poderia agora facerse un home, e non terá azos para se facer!

O teatro galego continúa avante no seu xurdio renascere. O poeta San Lois, de Compostela, ten hoxe, sen saire da Patria, sen faguere traizón ó noso verbo, un nome como endexamais o terán, por moitas cousas modernistas que faigan, tantos xóvenes galegos qu'en Madrid vexetan, adulando e aguantando impertinenzas a cotío dos sántos da literatura española, cõ pensamento posto na adquisición—que non chegará—de unha sona castelán que satisfaga o seu orgullo de probes renegados e de servos do espírito.

Inda qu'eles dicirán que San Lois non serve para escribir na «Esfera».

¿DATO, FOI GALEGO?

Salvando todolos respeitos ó próximo finado, obligados pol-a actualidade temos que faguer ista pregunta: ¿Dato foi galego? Non, non e non. Nin o foi Dato, nin o fora Canalejas. Dato, naceu na Cruña por asoalidade. Enxendraronlo fora da Nosa Terra; seu pai era un militar fillo d'outra rexión, que cando chegou á capital da Galiza en comprimento do seu destino, traguía xa a muller en cinta. Dou a luz aquí, como poidera dare n'outra parte, asignáronno no noso Registro civil porque non era abrangüibel asignalo a outro. Pouco despois marchou a familia do expresidente do Goberno morto, para novo destino. Don Eduardo, entón un neno de teta, foi levado canda eles. Non voltou mais pol-a nosa Terra até vai para catro anos que o trouxeron para a descuberta do momento a Concepción Arenal. Nada fixo pol-a nosa Terra, se non é, o amparare e agarimare caciques. ¿onde fica pois, o galeguismo do señor Dato?

Si dixérades Bugallal! Bugallal, disgraciadamente, si que é galego. E inda se nos apurades moito diciremos que o marqués do Espliego—ou coleguiñas da "Voz de Galicia"—pode pasare por mais galego que Dato, xa que tivo berce n'Astorga que galega foi outra.

O mesmo caso se dou con Canalejas. E moitos parvos a pedire para eles un nome n'unha rua, i-unha lápida nas casas onde nasceron por esa oalidade. Mientras para Pastor Díaz, o galego mais eminente do século XIX, o galego mais honrado, que representou a Cruña en Cortes e para a Cruña tivo as loubanzas meirandas, reatouse un hoco e inda se lle regateia polos concellaes cruñeses, por estes concellaes e este povo que ollan indiferentes todo, intruso que ó futuro parque de Santa Margarita se lle cea o nome d'un alleo, d'un aragonés, cando o de Rosalía Castro, cheio de luz, sempre imorrente, gaña maior universidade cada hora.

Canto ten o espíritu escravo a nosa Terra!

SIN SENSO

Ramón Vilar, indínase c'uns "xeografieiros", mais que castelás, d'esprito castelanizado, que chamaron "Costa da morte" á costa de Galicia.

Y-eles—mal pocados—non teñen culpa mais que de sua inoranza.

Do nome ténena moitos dos nosos.—¿direino? compatriotas que a troque de atopar unha verba rimbonante pra millor encher páxinas de prosa sensibleira na data dalgún naufraxio, non dubidaron en bautizar un anaco da nosa costa.

E fixeron padriño.

Porque "Costa da morte" é caluñante.

E os castelás... copio, copias, copiare.

Eu preguntaríalle ós xeógrafos e ós padriños.

¿Non din que a Porta do Sol é o centro de Madrid?

¿Non din que alí o gran movimento ocasiona desgracias?

E non sería ilóxico por iste soilo motivo chamarlle Porta da morte?

Pois vede ahí o que é a nosa Costa da morte.

A Porta do Sol de todal-as terras.

O corazón de todolos marés.

O rego por donde, eternamente, corre a torrentes a savia de todolos países.

Costa da vida!.

FRANCISCO ABELAIRA

O nazionalismo galego en Madrid

O nome de "Mocedade Céltiga de Madrid" vaise constituir n'aquela cibdade, organizada por varios rapaces entusiastas unha sociedade a semellanza das "Irmandades da Fala" que virá a xuntar e estreitar mais as relacions entre os irmáns residentes en Castela. Os rapaces que a organizan son os nazionalistas e farán que na vila pobre se ouza o berro o agro das "Irmandades".

O 1.º de Abril celebrarase unha reunión da que se irá constituída a nova "Mocedade" de que agardamos moito en favor de unha Santa Causa.

Os galegos residentes en Castela e particularmente en Madrid pódense dirixir, si queren figurar n'ela, a Modesto Piñeiro Romero.—Calle del Arco, 23, 2.º, izquierda.—Segredario da comisión organizadora.

D. José Rodriguez Martínez



*O popular médico e notabre orador; ilustre patriano,
home todo corazón, cuia morte chora toda Galizia, que
por ter feito na nosa lingüa as suas derradeiras arengas
nomeóuselle irmán da fala honorario*

O noso idioma

A nosa lingua é branda, mol, para deleitar, grava para engrandecer, eficaz para mover, dôce para pronunciar, breve para resolver, e acomodada ás materias mais importantes da práctica e escritura. Para falar é graciosa, con un xeito de señorío. Para cantar é suave, con un certo sentimento que favorece a música. Para pregar é substanciosa, con unha gravidade que autoriza as razóns e as sentencias. Para escribir, nin ten infinita copia que damne, nin brevedade esteril que a limite. Para historias nin é tan florida que se derrame, nin tan seca que busque o favor das alleas. A pronunciación non obriga a ferir

o céo da boca con aspereza, nin a arrincar as palabras con vehemencia do gargalo, escribe-se da maneira que se lê e así se fala, ten de todas as linguas o mellor:

A pronunciación da latina, a orígen da celta, a familiaridade da grega, a brandura da francesa, a elegancia da italiana, ten más adagios e sentenzas que todas as vulgares en fé da sua antiguedade. E si á lingua hebrea, pol-a honestidade das palabras chamaron-a santa, certo que non hai quen saiba d'outra que tanto fuja de palabras claras en materia descomposta, como a nosa. E para decil-o todo, só ten un mal e é que polo pouco que lle queren os seus naturaes, traen-a más remenada con farrapos estrangeiros que a capa d'un pobre vergoñento.

COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

Vapores Correos de gran velocidad — Servicios direitos dende o porto da Cruña

Próximas saidas pra Habana e Veracruz

Direitamente da Cruña saldrá para New York o

Vapor CAROLINE el 15 de Abril

Prezos en Cámara

	HABANA	VERACRUZ
Primeira crase (varias categorías)	1.350 a 3.600	1.475 a 3.500
Segunda crase	1.100	1.200
Preferencia	950	1.010
TERCEIRA CRAS	600	615

A estos precios hai que añadir os impostos

O dia fixo de saída anunciarase oportunamente.

O pasaxeiro que deseie embarcar ten de remitire seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender uiaxe hasta que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza. Os emigrantes e todolos equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Pra toda eras de informes sóbior de datas de saída, prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse o seu Consinatario.

D. NICANDRO FARIÑA, Rua de Compostela, esquina a Praza de Lugo

COMPAÑIA CHARGEURS REUNIS

Pra os portos de PERNAMBUCO, RIO JANEIRO, MONTEVIDEO e BOS AIRES, sairán direitamente d'este porto os vapores de dobre hélice e 10.000 toneladas

O dia 13 de Marzo sairá o magnífico vapor

Villaret de Joyeuse

Prezo do billete en terceira crase, 536'75

Admiten pasaxeiros de 1.^a, 2.^a, 2.^a económica e 3.^a crase.

Nenos menores de 2 anos, un gratis por familia; de 2 a 5 anos, coarto pasaxe; de 5 a 10 anos, medio pasaxe; maiores de 10 anos, pasaxe enteiro.

NOTAS INTERESANTES.—As mulleres que levan nenos que non chegan aos 10 anos, chamadas polos seus maridos, non poden embarcaren pra BOS AIRES si non presentan n'esta Agencia un certificado PRECISAMENTE DO DEPARTAMENTO DE EMIGRACION DE BOS AIRES, permitindolles o embarcaren na REPUBLICA ARXENTINA. Non teñen valor algúns as cartas de chamada, autorización nin podere os Cónsules hispanoamericanos.

As mulleres que se atopen n'estas condicions e non presenten NECESARIAMENTE dito certificado, non ooden embarcar. Tamén teñen que presentaren o mesmo certificado os emigrantes que teñan MAIS DE 60 ANOS e non vaian acompañados da sua familia.

O dia da saída anunciarase con oportunidade.

Os pasaxeiros teñen de presentarse n'esta Agencia cíneo días antes da saída do vapor.

Pra informes dirixirse aos Axentes Xenerales en España.

ANTONIO CONDE (Fillos) Praza d'Ourense, 2--A CRUÑA

COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Saida do porto da Cruñaara Bahía, Río de Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos Aires

O dia 21 de Marzo saldrá da Cruña o paquete correo

SAMARA

de 10.000 toneladas, admitindo carga e pasaxeiros.

	Pernambuco	Bahia	Rio Xaneiro	Santos	Montevideo	Bos Aires
En primeira crase. . . Ptas.	1.215'90		1.506'90	1.555'40	1.700'90	1.749'40
En segunda crase. . . "	894'95		967'70	991'95	1.064'70	1.113'25
En segunda intermedia. . . "	690'50		690'60	690'60	690'60	690'60

Prezo do pasaxe en 3. crase a Brasil, Montevideo e Bos Aires (incruidos impostos), Pesetas 521'75

Para mais informes dirixirse aos seus consinatarios:

ANTONIO CONDE (Fillos) Praza d'Ourense, 2--A CRUÑA

Camiseria, Corbatería
e Guantería

Enrique Roca

REAL, 28-A CRUÑA

Os viños e coñas millores

son os que se exporta a casa PEDRO DOMECH de Xerez Fronteira, fundada en 1734. A casa más antigua de Xerez.

O vermouth más selecto
de mundial e reconocida sona é o Cinzano (Torino).

Pra viños de mesa

non hai outros com os dos cosecheros exportadores señores

R. López de Heredia (Haro)

Casa Central: PLAZA DA EQUITATIVA-MADRID

Representante exclusivo (matriculado) de todas estas marcas:

JOSÉ C. JUNCOSA

Galera 39 e 41 - 2.º piso - A Cruña

"Patente-Salvavidas"

O millor pra pintar os fondos dos barcos. Ganou Diploma de Honore, Gran premio e medalla de ouro nas Exposiciones de París-Londres.

REPRESENTANTE

F. Bertran e Mirambell

VIGO-CRUÑA

O DIPUTADO POR VEIRAMAR

Novela de Gonzalo López Abente

Esta interesante e modernísima novela en idioma galego, está posta a venda nas principales libreras de Galicia.

PRECIO: 6 REAS

Véndese - Na Cruña, Ademánsistración «A Nosa Terra», e Irmandade da Fala.—Ferrol, Librería de Comadira e de Geraldo Castro, en Lugo.

NOVELTY

PLANCHADEIRO DE MODA

GRANDES TALLERES

DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centraes: A CRUÑA, Cantón Pequeno 12

VIGO, Praza da Constitución, 12

Sucursais na Crispa: Estreita de San Andrés, 12

Praza de Azcarraga, 4-San Agustín, 22

Sucursal en Vigo: Circo núm. 5

Todas as nossas sucursais ostentan un letrero como señal, que reproduzán da marca de garantía xa conocida.

Recíbense encargos de fora, y-espídense por meio das nossas sucursais. Si no lugar onde vostede reside non-a hay, sírvase manifestarnos seus desexos de mandárenos os seus encargos.

PAULINO FRÉIRE

BOUZAS - VIGO

Sucursais: en CRUÑA-FERROL

Redes d'algodón pra tarrafa.

Aparelhos, armados e en panos, pra barcos pesqueiros.

Malletas de abacá e cáñamo alquitranado.

Cables de aceiro, ingleses.

ACEITES minerales e vexetaes, e surtido completo pra maquinaria e pesca.

—= Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUÑA =—

O Café Novo

Urzáiz, II - BAYONA

La Modernista
GRAN SALON DE BARBERÍA

DE

RAMOS E ACEA

San Andrés, 94-1.º - A CRUÑA

Estabrecimiento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todos os aparatós higiénicos. Especialidad en lavados de cabeza, locios e fricções de todas clases.

NOTA: Neste estabrecimiento atopará o público un servicio permanente a cargo dos seus propietarios, antigos dependentes das más importantes peluquerías d'esta capital.